

III PLAN DE RESCATE DA XUNTA DE GALICIA

AXUDAS	REQUISITOS	CONTÍAS
AUTÓNOMOS/AS EN ESTIMACIÓN OBXECTIVA	<ul style="list-style-type: none"> Alta en autónomos no RETA ou no réxime do mar como persoas traballadoras por conta propia e mutualistas en réxime de estimación obxectiva no 2019 con domicilio fiscal en Galicia. Desenvolver unha actividade incluída nun CNAE do Anexo I do RD lei 5/2021 Para actividades non incluídas no dito RD deberán acreditar unha caída do volume de operacións dun 40% comparando o 2020 co 2019. 	<p>A axuda concederáse por un importe máximo de 3000 euros.</p> <p>As cantidades pendentes de pagamento dos gastos subvencionados deberán ser de importe igual ou superior á axuda solicitada, de tal xeito que o importe da axuda nunca poderá ser superior a aquelas.</p> <p>As axudas reduciranse ao 50% para autónomos/as de tempada.</p>
AUTÓNOMOS/AS E MICROEMPRESAS con 10 persoas traballadoras e EMPRESAS ata 25 traballadores/as que facturen menos de 2 millóns de €	<ul style="list-style-type: none"> Persoas de alta en autónomos no RETA ou no réxime de traballadores do mar como persoas traballadoras por conta propia, profesionais e empresas con domicilio fiscal en Galicia. Descenso no volume de operacións de máis dun 30% no ano 2020 nunha actividade incluída nun CNAE do anexo I do RD lei 5/2021 ou dun 40% ou máis en actividades non incluídas no dito RD. 	<p>a) Descenso de facturación de máis dun 30% e ata un 60%: 6000 €</p> <p>b) Descenso de facturación de máis dun 60% e menos dun 70%: 7000 €</p> <p>c) Descenso de facturación dun 70% ou máis: 8000 €</p> <p>A dita cantidade incrementarase da seguinte forma:</p> <ul style="list-style-type: none"> de 4 a 9 traballadores/as: 1000 € de 10 a 20 traballadores/as: 2000€ de 21 a 25 traballadores/as: 3000 € <p>As axudas reduciranse ao 50% para autónomos/as de tempada. A axuda máxima non poderá superar:</p> <ul style="list-style-type: none"> Primeiro: 200 000 euros. Segundo: o 40% da caída do volume de operacións que supere o 30% no caso de empresarios ou profesionais en réxime de estimación directa e entidades/establecementos permanentes cun máximo de 10 empregados. Terceiro: o 20% da caída do volume de operacións que supere o 30% a no caso de entidades, empresarios ou profesionais e establecementos permanentes con máis de 10 empregados/as. Cuarto: o importe dos gastos subvencionados.
AUTÓNOMOS/AS E EMPRESAS con máis de 10 persoas traballadoras e cun volume de facturación de máis de 2 millóns de € ou EMPRESAS de máis de 25 traballadores/as	<ul style="list-style-type: none"> Persoas de alta en autónomos no RETA ou no réxime de traballadores do mar como persoas traballadoras por conta propia, profesionais e empresas con domicilio fiscal en Galicia. Descenso no volume de operacións de máis dun 30% no ano 2020 nunha actividade incluída nun CNAE do anexo I do RD lei 5/2021 ou dun 40% ou máis en actividades non incluídas no dito RD. 	<p>Descenso de facturación de máis dun 30% e ata un 60%: 10 000 €</p> <p>Descenso de facturación de máis dun 60% e menos dun 70%: 12 000 €</p> <p>Descenso de facturación dun 70% ou máis: 15 000 €</p> <p>A dita cantidade incrementarase da seguinte forma:</p> <ul style="list-style-type: none"> de 26 a 50 traballadores/as: 5000 € de 51 a 100 traballadores/as: 10 000€ máis de 100 traballadores/as: 15 000 € <p>As axudas reduciranse ao 50% para autónomos/as de tempada. A axuda máxima non poderá superar:</p> <ul style="list-style-type: none"> Primeiro: 200 000 euros. Segundo: o 40% da caída do volume de operacións que supere o 30% no caso de empresarios ou profesionais oen réxime de estimación directa e entidades/establecementos permanentes cun máximo de 10 empregados. Terceiro: o 20% da caída do volume de operacións no ano 2020 respecto do ano 2019, que supere o 30% no caso de entidades, empresarios ou profesionais e establecementos permanentes que teñan máis de 10 empregados. Cuarto: o importe do gastos subvencionados.



INFORMACIÓN COMÚN

- **SUBVENCIONARÁNSE OS GASTOS REALIZADOS PARA O PAGAMENTO DA DÉBEDA A PROVEDORES E OUTROS ACREDORES E O PAGAMENTO DOS CUSTOS FIXOS INCORRIDOS.**
- **AS PERSOAS OU ENTIDADES BENEFICIARIAS DEBERÁN CUMPRIR OS SEGUINTE REQUISITOS:**
 - a) Ter o domicilio fiscal en Galicia.
 - b) Ter cantidades pendentes de pagamento a provedores, acredores —financeiros e non financeiros— ou débeda bancaria, ou outros custos fixos que fosen devindicados entre o 1 de marzo de 2020 e o 31 de maio de 2021, e procedan de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021. E que as ditas cantidades sexan de importe igual ou superior a axuda solicitada.
 - c) Ter un resultado positivo no exercicio económico 2019 (non será esixible para as persoas autónomas en estimación obxectiva).
 - d) Non ter condena mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas ou por delitos de prevaricación, suborno, malversación de fondos públicos, tráfico de influencia, fraudes e exaccións ilegais ou delitos urbanísticos.
 - e) Que non dese lugar, por causa de ser declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato formalizado coa Administración.
 - f) Atoparse ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvención ou axudas públicas.
 - g) Atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
 - i) Non ter solicitado declaración de concurso voluntario, nin ser declarada insolvente en calquera procedemento, e non atoparse en declaración de concurso, salvo que neste adquirise eficacia un convenio; non estar suxeita a intervención xudicial ou estar inhabilitada conforme á Lei 22/2003 do 9 de xullo, concursal, sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
 - j) Non ter residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
 - k) Autorizar á Consellería de Emprego e Igualdade a cesión dos seus datos ao Ministerio de Facenda.
 - i) Manter a actividade ata o 30 de xuño de 2022 e non repartir dividendos nin aprobar incrementos nas retribucións da alta dirección durante dous anos.
- **SON OBRIGAS DAS PERSOAS OU ENTIDADES BENEFICIARIAS DAS AXUDAS, AS SINALADAS NO ARTIGO 11 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, E EN ESPECIAL AS SEGUINTE:**
 - a) Aplicar a axuda a satisfacer a débeda e realizar os pagamentos a provedores e outros acredores financeiros e non financeiros, así como os custos fixos incorridos, sempre e cando estas obrigas fosen devindicadas entre o 1 de marzo de 2020 e o 31 de maio de 2021, e procedan de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021. En primeiro lugar, satisfaranse os pagamentos a provedores por orde de antigüidade e, se procede, reducirase o nominal da débeda bancaria, primando a redución do nominal da débeda con aval público.
 - b) Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Emprego e Igualdade, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
 - c) Notificar as axudas obtidas para a mesma finalidade, debendo especificar cales se obtiveron no presente exercicio económico no marco temporal ao que se refire esta orde.
 - d) Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 14 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- **AS AXUDAS SON INCOMPATIBLES ENTRE SI PERO COMPATIBLES COAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS SEMPRE E CANDO O TOTAL DAS AXUDAS NON SUPERE O 100% DO IMPORTE DOS GASTOS SUBVENCIONADOS.**
- **PAGARASE O 100% DA AXUDA CONCEDIDA NUN SÓ PRAZO CANDO SE CUMPRAN TODOS OS REQUISITOS.**